

**SECCIÓN DE MATEMÁTICAS****ASAMBLEA EXTRAORDINARIA DA SECCIÓN DE MATEMÁTICAS**

O pasado día 3 de marzo de 2001, celebrouse en Santiago de Compostela unha asemblea extraordinaria da Sección de Matemáticas de ENCIGA.

Nela adoptáronse os seguintes acordos:

- Aprobar os estatutos da Sección de Matemáticas de ENCIGA ata a súa ratificación por unha asemblea extraordinaria de ENCIGA.
- Elixir a directiva da Sección, que pasa a estar formada por:

*Coordinador: F. Manuel Rodríguez.*

*Secretario: Andrés Vázquez.*

*Vocais: Antón Labraña*

*Felipe Gago*

*Cecilia Pensado*

*Ricardo Padrón*

- Manuel Rodríguez, como xestor da Sección, deu conta das principais actuacións desenvolvidas desde a pasada asemblea de Noia:
  1. A Xunta Directiva da FESPM acordou un incremento da cota para os socios que pasa a ser de 2500 pts.

Así mesmo decidiu que é necesario que esas cotas se ingresen no primeiro trimestre do ano, o que nos obriga a cambiar as datas de cobro das cotas de ENCIGA que tradicionalmente se facía en novembro e deberá facerse nos próximos meses.
  2. Colaborar con AGAPEMA na realización do Rallye Matemático Sen Fronteiras 2001.
  3. Solicitar unha entrevista a AGAPEMA co obxecto de valorar as respectivas posicións sobre a situación. Esa reunión non chegou a celebrarse por un problema de comunicación (AGAPEMA

remitiu un correo electrónico o día 16 ás 2 AM aceptando e fixando a reunión para o día 17 ás 11 e non abrín o correo ata domingo 18)

- No tocante as relacións con AGAPEMA, a maioría da asemblea considerou conveniente darnos unha certa marxe de tempo ata que se clarexe un pouco a situación e evitar que a precipitación poda levarnos a situacións non desexadas debendo centrar os nosos esforzos no desenvolvemento das actividades da Sección.

En calquera caso, tódolos presentes manifestaron a necesidade de manter abertos vieiros de colaboración entre as dúas entidades.